



CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

3-4 de agosto do 2024

XVIII ORDINARIO B



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 6** *Que ledicia a miña* **estrofa 3**

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir a vida de Xesús e o seu pan en comunidade, e facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

A Xesús buscábao moita xente por todas partes, pero cada un tiña distintos motivos para facelo: uns para escoitar a súa palabra, outros para conseguir unha milagre, outros pola novidade...

Por que buscamos nós a Xesús? Que precisamos del?.

El invítanos hoxe a xuntarnos con El e participar no seu pan e na súa vida porque todo o que acude a El atopa esperanza, acougo, acollida...

Xesús dásenos en alimento para que poidamos ser as súas testemuñas e facer partícipes da nosa esperanza a tantas persoas que sofren e non atopan razóns de vida nestes momentos de violencia nos que a demasiadas persoas non lle importan para nada os demais.

É hora de celebrar e compartir coma comunidade.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *Queremos agora recoñecer que os nosos feitos non sempre son de proveito á hora de facer crible a Boa Nova do Evanxeo. Temos e queremos pedir perdón porque podemos facelo mellor:*

Monitor/a

➤ Porque moitas veces somos cristiáns a medias e non temos ilusión no seguimento de Xesús e a súa Boa Nova.

Señor, téndenos a túa man

➤ Porque moitas veces non sabemos transmitir ilusión e esperanza, e deixámonos levar pola rutina e a comodidade.

Cristo, téndenos a túa man

➤ Porque moitas veces non temos sido persoas responsables, e seguimos pensando soamente en nós mesmos sen importarnos o que lles suceda aos outros.

Señor, téndenos a túa man

Celebrante: *Deus agarimoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, e dos que se esforzan cada día para mellorar a vida dos demais. A todos, o Señor nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Lembramos a todas as persoas coas que compartimos o pan das nosas vidas.*

(silenzio)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, asistes aos teus fillos e móstraslle a túa bondade incansable.

Nós estamos orgullosos de terte coma Creador e de sermos gobernados pola túa Providencia.

Renova ti a obra da túa creación e protexe o que renovaches.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, teu Fillo, noso Señor e irmán que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

As lecturas de hoxe chámannos a facer do compartir o camiño para sermos cribles.

Imos escoitar no evanxeo como todos buscaban a Xesús e como El os encamiñaba na procura do verdadeiro PAN DE VIDA.

Esteamos atentos para facer nosas estas palabras.

LECTURA DO LIBRO DO ÉXODO

Toda a comunidade murmuraba no deserto contra Moisés e Aharón. Dicían:

- "¡Sequera morrésemos pola man do Señor na terra de Exipto, sentados ao redor dos potes de carne e con pan a fartar! Trouxéstesnos a este deserto, para matar de fame a toda esta comunidade".

O Señor díxolle a Moisés:

- "Vou facer chover un pan do ceo para vós. O pobo sairá e collerá o que lle cumpra para o día. Quero poñelo á proba, para ver se anda ou non coa miña lei".

O Señor tamén lle dixo a Moisés que lle dixerá ao pobo:

- "Ao anoitecer teredes carne que comer e pola mañá pan a fartar. E saberedes que eu son o Señor, o voso Deus".

Ao serán viñeron paspallás e cubriron o campamento. Pola mañá había nos arredores unha capa de orballo. Cando esvaeu o orballo, apareceu no deserto unha capa miúda, coma escamas miúdas, que semellaban xeadas sobre o chan. Os israelitas, ao que o viron, preguntábanse uns aos outros:

- "¿Que é isto?" Pois non sabían o que era aquilo.

Palabra do Señor

🎵 48 *O pouco que Deus nos dá* SALMO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela, vendo a xente que Xesús non estaba alí, nin tampouco os seus discípulos, montaron nos botes e chegaron a Cafarnaúm buscando a Xesús. Atopárono na outra banda do mar e dixéronlle:

- Rabbí, cando chegaches aquí?

Xesús contestoulles:

- Con toda verdade volo aseguro: buscádesme non porque vistes sinais, senón porque comestes pan ata vos fartar. Traballade non polo pan que se acaba, senón polo que dura deica a vida eterna, o que vos dará o Fillo do Home: pois el é a quen o Pai Deus marcou co seu selo.

Eles preguntáronlle:

- Que temos que facer para realizar as obras de Deus?

Respondeu Xesús:

- Esta é a obra de Deus: que creades naquel que El mandou.

Replicáronlle:

- Que sinal fas ti, para que véndoo creamos en ti? Que podes facer? Os nosos pais comeron o maná no deserto, conforme está escrito: deulles a comer pan do ceo.

Entón díxolles Xesús:

- Con toda verdade volo aseguro: non foi Moisés quen vos deu o pan do ceo; meu Pai é quen vos dá o verdadeiro

pan do ceo: pois o pan de Deus é o que baixa do ceo e que lle dá vida ao mundo.

Dixéronlle entón:

- Señor, dános sempre dese pan.

Xesús respondeulles:

- Eu son o pan da vida: quen vén onda min, non pasará fame e quen cre en min, endexamais non terá sede.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Que podemos facer para ser cribles?

Podemos ser pan de paz, á beira de quen vive violencia na súa terra ou no seu fogar

Podemos ser pan coidándonos, para mellor coidar dos demais

Podemos ser pan de dignidade, tratando con respecto a todas as persoas, criticando menos

Podemos ser pan de esperanza, confiando e dando bo exemplo neste tempo de comodidades e presas

Podemos ser pan de fe, facéndonos cribles máis alá das rutinas e costumes

(en pé) PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro parroquial no que renovamos os nosos compromisos con Xesús, queremos coma EL, dar vida, anunciar o Evanxeo e ser cribles cos nosos feitos. Dicimos:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Credes en Deus, Pai e Nai,
que nos fixo á súa imaxe, para que amemos e coidemos da terra que pon nas nosas mans?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Xesús, o seu Fillo benquerido,
pan de vida que se nos dá no noso camiñar para imitalo en tolerancia, respecto e paz?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes no Espírito Santo
que nos alenta para sermos exemplo de Xesús acollendo aos famentos da vida?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes na igrexa,
comunidade viva chamada a facer crible o evanxeo dende os camiños da caridade e a solidariedade?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Unímonos na construción do proxecto solidario de Xesús coas nosas actitudes de participación, acollida e entrega. Para transmitir esperanza aos demais, rezámoslle a Deus dicindo*

Señor, escoita ao teu pobo

Monitor/a

✓ Para que como Igrexa presentemos a Boa Nova ao mundo de hoxe con actitudes, palabras e proxectos vivos e novos. Rezamos

✓ Para que nas nosas parroquias de Os Cotos deixemos de vivir do pasado e comprendamos que só dando vida nos facemos cribles. Rezamos

✓ Polas persoas que se atopan cansas da vida para que atopen en nós ilusións, alentos e esperanzas. Rezamos

✓ Polas persoas necesitadas de paz para que entre todos descubramos a forma de facela realidade no día a día da nosa vida e das súas vidas. Rezamos

✓ E pedimos por todas as persoas que o están facendo ben e nos están dando exemplo para facelo mellor. Rezamos

Celebrante: *Escoita, Señor, as nosas pregarías, e énchenos do alento que te leva a dar vida facéndote crible. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Xesús, Pan de Vida que nos dá Deus, ensínanos unha maneira nova de achegarnos a El como “Pai noso”. Por iso rezamos deste xeito*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante *Xesús acollía e transmitía paz e esperanza a todos. Coma El deamos nós vida ao EVANXEO nestes momentos de violencia, sabendo que o damos vida na igualdade, dámolo vida no respecto e na tolerancia, dámolo vida con todas as mans atrevidas para sementar PAZ. Fixérono os discípulos, fagámolo nós tamén.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: Os discípulos foron pouco a pouco descubrindo que valía a pena compartir con Xesús a mesa, a conversa e a tenrura coa que facía ben.

Participar hoxe aquí é aprezoar todo o que Xesús nos propón e facer comunidade cos que están a nosa beira.

Sintámonos orgullosos e ditosos por estar invitados a este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 47** **Ti elo pan do ceo**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL


Celebrante:

Señor,
acompaña coa túa protección constante
ao pobo que renovaches na fe
compartida coma comunidade.

Ti, que nunca deixaches de nos axudar,
fainos dignos da salvación eterna.

Por Cristo, noso Señor.

Con Xesús cremos que vale a pena dar vida, e dámola na sinxeleza de compartir en Os Cotos.



Con Xesús queremos facernos cribles e sen medo a ser exemplo dun mundo que non se contenta coas rutinas de sempre.

E con Xesús queremos dar grazas polos dons da vida e da fe que compartimos na Unidade Pastoral de Os Cotos.

Recordamos o encontro do día 15 de agosto.

No merendeiro de San Antonio, en Verducido, no mesmo lugar do ano pasado, reunímonos o día 15 as dez parroquias para celebrar a eucaristía ás 12'30 e deseguido compartirmos o xantar que cada quen leve.

É a nosa XIV FESTA DE OS COTOS.

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Amén*